

## CONVENIO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE) E A CORPORACIÓN VOZ DE GALICIA S.L.U. PARA O DESENVOLVEMENTO DE CONTIDOS VINCULADOS Á ACTIVIDADE DO IGAPE E DOS DIFERENTES AXENTES QUE COMPOÑEN O MAPA EMPRESARIAL, INDUSTRIAL E DA INNOVACIÓN DA COMUNIDADE GALEGA

### REUNIDOS

**Dunha parte,** Covadonga Toca Carús, en nome e representación do Instituto Galego de Promoción Económica, en diante Igape, co NIF Q6550010J e domicilio social en Edificio Igape, Complexo Administrativo San Lázaro, s/n, 15707 Santiago de Compostela, na súa calidade de directora xeral. Está facultada para este acto en virtude da delegación de facultades recollida na Resolución do 17 de outubro de 2023 (DOG núm. 203, do 25 de outubro de 2023).

**Doutra parte,** Luis Miguel Blanco Penas, que actúa en nome e representación de Corporación Voz de Galicia, S.L.U., e intervén en función do cargo e no exercicio das súas facultades, en virtude da escritura de apoderamento outorgada o 26/07/2011, baixo o número 1992 do seu protocolo.

As dúas partes recoñécense mutuamente competencia e capacidade bastante para formalizar este convenio e en consecuencia,

### MANIFESTAN

**PRIMEIRO.-** Que a Lei 5/1992, do 10 de xuño, de creación do Instituto Galego de Promoción Económica, atribúe ao Igape os obxectivos de impulso da creación de novas empresas e fomento do espírito emprendedor, o incremento da competitividade das empresas galegas a través da innovación e o desenvolvemento tecnolóxico, a atracción de investimento a Galicia, as políticas de internacionalización e o apoio á cooperación e aos proxectos colectivos de empresas galegas.

**SEGUNDO.-** Que o Igape é o departamento encargado de coordinar a política da Xunta de Galicia en materia de creación, consolidación, crecemento empresarial e internacionalización das empresas galegas.

**TERCEIRO.-** Que o Igape considera importante a utilización de instrumentos e iniciativas que posibiliten unha acción continuada de sensibilización social e de información sobre os ámbitos de actuación nos que ten atribuídas competencias.

Así, dentro das actuacións previstas para esta finalidade, atópanse todas aquelas accións de comunicación destinadas á edición e produción de publicacións, espazos na prensa escrita e dixital, programas de televisión e radio, organización de actos, conferencias e xornadas.

**CUARTO.-** Corporación Voz de Galicia, S.L.U. é a empresa matriz dun grupo de comunicación ao que pertencen, entre outras sociedades, La Voz de Galicia, S.A., empresa dedicada á composición e á edición de prensa periódica e editora do xornal "La Voz de Galicia", e Voz de Galicia Radio, S.L.U., titular da emisora de radio "RadioVoz".

La Voz de Galicia, S.A. publica habitualmente no seu xornal noticias e informacións de interese para a sociedade galega en xeral que contribúen á divulgación e á promoción da actividade económica, do emprendemento e da mellora da competitividade e da internacionalización empresarial, fomentando con esta publicación a difusión desta temática entre os cidadáns a través do seu xornal. A entidade considera importante o desenvolvemento na súa área informativa de temas relacionados con estas actuacións.

**QUINTO.-** O Igape considera de interese para a sociedade galega no seu conxunto potenciar a información e o coñecemento da situación actual da industria, da innovación e a dinamización empresarial na comunidade autónoma tanto pola incidencia que ten para o futuro económico do país como para a vida cotiá dos cidadáns.

**SEXTO.-** As dúas partes entenden que é importante fomentar, promover e divulgar actividades e información específica relacionada cos ámbitos nos que se desenvolven as competencias do Instituto e das que, polo seu carácter transversal implican unha acción conxunta do Goberno galego, de xeito que a sociedade galega e os sectores económicos teñan unha percepción mellor da situación económica, das actividades desenvolvidas no ámbito da nosa comunidade autónoma e dos resultados que delas se derivan.

Dado o interese coincidente do Igape e Corporación Voz de Galicia, S.L.U. as dúas partes acordan formalizar un convenio coas seguintes

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto do convenio é establecer as condicións de colaboración entre o Igape e Corporación Voz de Galicia, S.L.U. para informar e difundir nos medios do seu grupo contidos de interese para a sociedade galega sobre actuacións relacionadas co ámbito competencial do Instituto e dos diferentes axentes que compoñen o mapa empresarial, industrial e da innovación da comunidade galega, vinculados á actividade do Instituto e a publicación semanal, tanto nas edicións en papel como en programas de radio, das noticias máis destacadas da plataforma.

Os medios fixan a liña editorial dos citados espazos informativos atendendo aos obxectivos sinalados na cláusula segunda e responsabilizándose dos contidos publicados.

Todos os datos e informacións serán de elaboración propia e con cargo aos medios persoais e técnicos de que dispoña a empresa. Non obstante, o Igape poderá facilitar os datos que considere relevantes para a súa difusión e aqueles outros que sexan solicitados pola empresa e poderá formular en relación cos datos e informacións as observacións que considere pertinentes co fin de garantir a obxectividade e veracidade destes, as cales deberán terse en consideración.

### SEGUNDA.- OBXECTIVOS DO CONVENIO

As actuacións que se especifican na cláusula primeira realizaranse desde o día da sinatura do convenio e ata o 30 de novembro de 2025 cos obxectivos finais de:

- Contribuír á divulgación de iniciativas e proxectos relacionados coa industrialización, a transformación enerxética e dixital do tecido empresarial e do modelo económico galego, así como a consolidación do binomio industria-sostibilidade.
- Achegar á cidadanía galega o coñecemento das iniciativas de impulso á innovación como factor estratéxico para a competitividade do tecido empresarial.

### TERCEIRA.- COMPROMISOS DAS PARTES

Serán compromisos do Igape:

- Achegar á Corporación Voz de Galicia, S.L.U. a cantidade de cento vinte e cinco mil euros, IVE incluído, (125.000,00 €) como compensación de parte dos gastos que lle ocasiona á dita

empresa o desempeño das actividades obxecto do convenio, dado que o Igape considera de interese apoiar a realización de tales accións, de acordo conseguinte desglose:

	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA IGAPE
DESENVOLVEMENTO MAQUETAS SECCIÓN TEMÁTICA	65.625,00 €	36.460,00 €
PUBLICACIÓN 8 TEMAS AO MES	106.875,00 €	59.375,00 €
COMPARTIR EN REDES SOCIAIS	44.375,00 €	24.652,50 €
XESTIÓN DE INFORMES	8.125,00 €	4.512,50 €
<b>TOTAL</b>	<b>225.000,00 €</b>	<b>125.000,00 €</b>

A achega imputarase á aplicación orzamentaria 09.A1.741A.6400 para o ano 2025.

- Facilitar os datos que considere relevantes para a súa difusión e aqueles outros que sexan solicitados pola empresa e poderá formular en relación cos datos e informacións as observacións que considere pertinentes co fin de garantir a obxectividade e veracidade destes.

Serán compromisos de Corporación Voz de Galicia, S.L.U., ben directamente ou ben a través das sociedades do seu grupo La Voz de Galicia, S.A., e Voz de Galicia Radio, S.L.U.:

- A difusión a través dunha plataforma dixital de todos os contidos que se consideren de interese, contando cun enlace directo á mesma a través dun banner fixo na sección de Economía da páxina web.

- As principais noticias que se recollan na plataforma deberán ter un espazo propio no resto de medios de comunicación dos que dispón a Corporación Voz de Galicia, cunha publicación semanal dunha noticia nas edicións en papel e unha emisión semanal dun espazo radiofónico de entre 3 e 5 minutos a nivel autonómico e/ou nas emisoras locais.

- Compartir en redes sociais os contidos publicados.

- Xestionar os informes de resultados para trasladar ao Igape.

- Ter en consideración as observacións que formule o Igape en relación cos datos e informacións a publicar co fin de garantir a obxectividade e veracidade destes.

- Xustificar os gastos derivados deste convenio no prazo e forma sinalados na cláusula quinta.

- Subministrar toda a información necesaria para que o Igape poida dar cumprimento ás obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. As consecuencias do incumprimento desta obriga serán as establecidas no artigo 4.4 da citada lei.

#### **CUARTA.- DURACIÓN**

Este convenio terá unha duración desde a súa sinatura ata o 30 de decembro de 2025, sen prexuízo de que os gastos atendibles deberán estar realizados no período comprendido entre a data de sinatura do convenio e o 30 de novembro de 2025, e non será susceptible de prórroga.

#### **QUINTA.- XUSTIFICACIÓN DOS GASTOS**

Para acreditar o cumprimento das cláusulas deste convenio, Corporación Voz de Galicia, S.L.U. entregará ao Igape, antes do 30 de novembro de 2025, a seguinte documentación:

- Un certificado asinado pola persoa responsable onde se exprese que por parte da sociedade se realizou a totalidade do obxecto do convenio.

- Unha memoria xustificativa das actuacións realizadas, na que se indicará a materia competencia do Igape sobre a que versou a actuación e se acompañará dunha copia dos contidos editados e publicados polo medio en cuestión.
- Certificacións de estar ao corrente das obrigas tributarias, coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social, ou autorización para que a Xerencia do Igape realice estas consultas polos seus propios medios.
- Declaración da titularidade da conta bancaria onde se debe realizar o pagamento.
- Declaración de non ter percibido outro financiamento, axudas ou subvencións para as actuacións obxecto deste convenio.

O Igape aboará a contía fixada na cláusula terceira contra presentación por Corporación Voz de Galicia, S.L.U. da factura correspondente e trala conformidade da Xerencia do cumprimento das obrigas.

A factura ou facturas expediranse a nome do Instituto Galego de Promoción Económica (NIF: Q6550010J) e deberán de reunir os requisitos previstos no RD 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento no que se regulan as obrigas de facturación.

A factura ou facturas presentaranse en formato electrónico a través do sistema electrónico de facturación da Xunta de Galicia regulado na Orde do 26 de febreiro de 2015 pola que se regulan o Punto xeral de entrada de facturas electrónicas e o Rexistro Contable de Facturas da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 50, do 13/03/2015). O acceso ao sistema de facturación electrónica e á información sobre el realizarase a través das seguintes URL: <http://conselleriadefacenda.es/factura> ou <http://www.conselleriadefacenda.es/sicon/>.

En todo caso, o Igape resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa realización das actuacións obxecto do convenio e calquera outra que considere oportuna para a correcta xustificación do gasto e do seu pagamento.

Procederáse a minorar a achega económica concedida cando as actuacións desenvolvidas e xustificadas ao abeiro deste convenio teñan un custo inferior ao importe total total do orzamento estimativo que presentou a entidade e sempre que esta minoración non supoña unha realización deficiente das actuacións.

Corporación Voz de Galicia, S.L.U. manterá a disposición do Igape ou de calquera organismo público con capacidade de fiscalización da Comunidade Autónoma de Galicia, tales como Intervención Xeral, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, todos os xustificantes dos gastos e ingresos obtidos a fin dunha verificación in situ, ben por medios propios ou mediante auditor externo.

## **SEXTA.- SEGUIMIENTO DO CONVENIO**

Para o seguimento do convenio créase unha comisión constituída do seguinte xeito:

Polo Igape:

- O/a xerente ou persoa en quen delegue.
- O subdirector de Coordinación ou persoa en quen delegue.

Pola Corporación Voz de Galicia, S.L.U.:

- O/a seu/súa xerente.
- O/a director/a do xornal.

Esta Comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio.

O funcionamento da Comisión farase ao abeiro do réxime xurídico dos órganos colexiados contido na sección III, do capítulo I do título I (artigos 15 e seguintes) da Lei 16/2010, do 17 de

decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

#### **SÉTIMA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

En virtude do disposto no artigo 26 do Regulamento (UE) 2016/679, xeral de protección de datos (RXPD) e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (BOE nº 294, do 6 de decembro), se calquera das partes accede a datos de carácter persoal contidos en ficheiros titularidade de CORPORACIÓN VOZ DE GALICIA, SLU, adquiren a condición de encargados do tratamento e comprométense a:

- Non utilizar nin tratar datos de carácter persoal con finalidade distinta á execución deste convenio, non comunicar os datos baixo ningún concepto a terceiras persoas, nin sequera para a súa conservación e, en especial, non reproducir, nin publicar, nin difundir ningunha información acerca dos datos.
- Garantir o cumprimento das medidas de seguridade establecidas, así como a súa correcta implementación.
- Ao termo da relación, por calquera causa, os datos de carácter persoal aos que tivesen tido acceso as restantes partes, deben ser destruídos ou devolverse a CORPORACIÓN VOZ DE GALICIA, SLU, incluíndo calquera soporte ou documento.

O incumprimento destas obrigas fai responder ás restantes partes das infraccións que cometa coma se ocupase a posición de responsable do tratamento.

O Igape responde fronte a CORPORACIÓN VOZ DE GALICIA, SLU do cumprimento destas obrigas polas persoas que na súa representación participen de calquera modo na execución deste convenio.

#### **OITAVA.- INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL**

A subscrición do convenio non leva consigo relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades e o Igape, de tal xeito que non se lle poderá exixir a este Instituto ningunha responsabilidade, nin directa nin indirecta, nin subsidiaria polos actos ou feitos que xurdan no seu desenvolvemento.

#### **NOVENA.- ALTERACIÓN DAS ACTUACIÓNS OBXECTO DO CONVENIO**

Toda alteración nas accións a realizar deberá ser obxecto de autorización polo Igape e formalizarse mediante a correspondente addenda a este convenio.

O convenio poderá modificarse coa finalidade de lograr os obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. As devanditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das actuacións a desenvolver, coa correspondente minoración orzamentaria, ou a ampliación do prazo de execución.

#### **DÉCIMA.- EXTINCIÓN DO CONVENIO**

O convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer nalgunha das seguintes causa de resolución:

- O transcurso do seu prazo de vixencia.
- O acordo unánime dos asinantes.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá dirixir á parte non cumpridora un requirimento para que no prazo de dez días hábiles asuma as obrigas ou compromisos que se consideren incumplidos. Este requirimento será comunicado tamén á comisión de seguimento do convenio. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu

notificará a outra parte asinante a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.

- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Se cando conorra calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da Comisión de Seguimento do convenio, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación das mesmas.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.- AUTORIZACIÓNS**

Corporación Voz de Galicia, S.L.U., consente expresamente a inclusión dos datos relevantes e persoais deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, así como poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición respecto do contido dos rexistros antes citados, ante a Dirección Xeral do Instituto Galego de Promoción Económica, sito no Complexo Administrativo de San Lázaro s/n, 15707 Santiago de Compostela, en aplicación do disposto no Decreto 126/2006.

Este consentimento esténdese a autorización para a cesión dos seus datos á entidade financeira na que se aboe o pagamento, ao *Diario Oficial de Galicia* e ás demais cesións previstas na lei.

Tamén comporta a autorización ao Igape para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia.

#### **DÉCIMO SEGUNDA.- PUBLICIDADE DO CONVENIO**

De conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e co previsto no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia, o Igape e a Consellería de Economía e Industria publicarán no Diario Oficial de Galicia, no Portal de transparencia e Goberno aberto e na súa páxina web oficial o importe da contribución económica ao amparo deste convenio e a entidade destinataria desta; e incluírá igualmente a referida contribución e as sancións que como consecuencia desta puidesen impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos da entidade e a referida publicidade, así como a súa cesión por parte do Igape aos órganos competentes da Consellería de Economía e Industria.

#### **DÉCIMO TERCEIRA.- RÉXIME XURÍDICO E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS**

O presente convenio ten natureza administrativa, quedando excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE do 26 de febreiro de 2014, en virtude do establecido no seu artigo 6, e para calquera cuestión litixiosa que se derive do mesmo, será de aplicación a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, a modificación, a resolución e os efectos que puideran derivarse da aplicación do convenio deberán resolverse pola Comisión de Seguimento á que se refire a cláusula sexta deste convenio. Se non se puidese acadar un acordo, as posibles cuestións litixiosas serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional contenciosa-administrativa.

#### **DÉCIMO CUARTA. NORMATIVA APLICABLE**



Para todo o non previsto neste convenio aplicarase o previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como na Resolución do 8 de abril de 1991 (DOG nº 82, do 30 de abril) pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, en todo o que non contradiga a primeira.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente convenio o 10 de xullo de 2025.

Polo Igape

Por Corporación Voz de Galicia, S.L.U.

Covadonga Toca Carús

Luis Miguel Blanco Penas